

TODO ME FALA DE TI

Todo me fala de ti:

O aroma da saíba dos chopos,
derradeiro arrecendo do outono na súa despedida.

O zoar do vento
entras árbores
arrolándose na ollada das augas da Lagoa.

As pisadas de follas na tépeda alfombra,
dos caminos da fraga de ribeira do Sil.

Todo me fala de ti
e...
quixera ser hedra para enredarme no teu corpo,
e na aperta,
plantar raíces.

INSUA
onde as ninfas
cultivan
perlas de Amor e,
ensaríllasme na cadea de ouro do teu pescozo.

Todo me fala de ti.
O banco de travesas do ferrocarril,
onde os bicos e os corpos tremían.

Axexaba a garza real.

Todo me fala de ti
e... mergúllome nas cores:

Ocres e cárdenas,
amarelas e verdes.

sobordar da luz outoniza,
nesta primavera que apremo nas mans.

E pendurada do corazón viaxa no tren do desexo,
cara ás terras das oliveiras do Ribatejo.

Todo me fala de ti.
Na espreita soará o telefone.

Pérdese o mirar nos ollos abelanados,
dunha muller de feitizos,
caída da Pena da Auga.

MONTAÑA.

Todo me fala de ti.